

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

INSTITUTO OURENSANO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE)

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA, A TRAVÉS DO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DE PRODUTOS PROPIOS DE OURENSE REALIZADAS POR CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE DURANTE O ANO 2026

Para os efectos oportunos, publícase a continuación o texto íntegro do acordo do presidente do Inorde, Resolución número 2026/0275, do 5 de xuño de 2026, de resolución da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de promoción de produtos propios de Ourense realizadas por concellos da provincia de Ourense durante o ano 2026.

Resolución número 2026/0275

Expediente 2026/3000T

ACORDO DE RESOLUCIÓN da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de promoción de produtos propios de Ourense realizadas por concellos da provincia de Ourense durante o ano 2026, cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP da provincia de Ourense número 51, do 17 de marzo de 2026.

Unha vez visto o ditame da Comisión de Valoración do 24 de abril de 2026, polo que formula a proposta provisional de resolución da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de promoción de produtos propios de Ourense realizadas por concellos da provincia de Ourense durante o ano 2026, cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP da provincia de Ourense número 51, do 17 de marzo de 2026.

Unha vez visto o informe do 21 de maio de 2026 no que se informa da publicación da proposta de resolución na web do Inorde, así como a súa notificación fidedigna a todos os concellos interesados, que transcorreu o prazo de audiencia, desde a última data, sexa de publicación ou notificación, e que dentro do mesmo presentou unha alegación a proposta de resolución o Concello do Barco de Valdeorras, propoñéndose a súa desestimación.

Unha vez visto o ditame da Comisión de Valoración do 26 de maio de 2026, polo que desestima a alegación presentada polo Concello do Barco de Valdeorras e se formula a proposta definitiva de resolución da convocatoria pública para a concesión das subvencións. Unha vez vista a fiscalización previa do compromiso o disposición do gasto, en sentido favorable, realizada pola Intervención.

Logo de considerar, ao abeiro do previsto na base sétima, parágrafo 6 das bases da convocatoria de subvencións, que unha vez transcorridos dez días hábiles, contados desde a última data sexa a de notificación ou publicación da devandita proposta provisional de resolución da convocatoria para a concesión das subvencións, sen que se presentasen alegacións a esta, a proposta provisional convertese en definitiva.



Ao ter en conta o establecido na base decimo segunda das bases que rexen a convocatoria, conforme a cal “A resolución do procedemento publicarase no Boletín Oficial da Provincia, desde cuxa data se computarán os prazos para o exercicio dos recursos administrativos e accións xudiciais que correspondan. A dita resolución tamén será publicada na páxina web do Inorde, <http://www.inorde.com>, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, e será obxecto de comunicación electrónica individualizada aos afectados.”

Logo de considerar que conforme as atribucións concedidas por delegación da Comisión Executiva, ao abeiro do establecido no artigo 12.2.l) do Estatutos do Inorde, en relación co artigo 11.f) dos ditos Estatutos, segundo o disposto na base sétima, parágrafo 2 das bases da convocatoria, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de promoción de produtos propios de Ourense realizadas por concellos da provincia de Ourense durante o ano 2026, a Presidencia do Inorde é competente para a resolución desta, concedendo ou denegando as subvencións solicitadas,

Polo exposto, **dispoño**,

RESOLVER a convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de promoción de produtos propios de Ourense realizadas por concellos da provincia de Ourense durante o ano 2026, de acordo coa proposta da Comisión de Valoración, nos seguintes termos:

1º. Desestimar a alegación presentada polo Concello do Barco de Valdeorras a proposta provisional de resolución da convocatoria das subvencións porque: 1) O Concello do Barco de Valdeorras presentou unha solicitude de subvención para a XXIV Festa do Botelo, cun orzamento de 20.971,78 euros, cantidade que figura, explicitamente, como importe do total de gastos da actividade proxectada, na solicitude, anexo I, no Decreto da Alcaldía número 872 de 2026, do 8 de abril de 2026, relativo á solicitude da subvención e no documento que contén a memoria descritiva do proxecto e a cuantificación do seu orzamento, de tres follas, que foron presentados dentro do prazo improrrogable de presentación das solicitudes, base quinta apartados 1,2,3, que finalizou o 17 de abril de 2026, sen prexuízo de que non é emendable a documentación valorable da solicitude, composta pola memoria e o orzamento de gastos e ingresos da actividade, conforme a base sétima.4, polo que non procede, no trámite de alegacións a proposta provisional de resolución, de forma novidosa e extemporánea, a modificación do orzamento do proxecto para o que se solicitou a subvención; 2) O reparto proporcional da subvención, realizado pola Comisión de Valoración na súa proposta provisional de resolución, tivo en conta, unicamente, o orzamento da actividade, conforme ao establecido na base décima.1, que para o Concello do Barco de Valdeorras era de 20.971,78 euros, importe indicado na súa solicitude, anexo I, no Decreto da Alcaldía relativo á solicitude das subvención e no documento coa descrición do proxecto e do seu orzamento de gastos e ingresos, correspondéndolle ao Concello do Barco de Valdeorras unha subvención polo importe de 2.176,43 euros, que non procede modificar, dada a correcta aplicación, na valoración e asignación da subvención, do importe do orzamento do seu proxecto, resultante da documentación da solicitude presentada, que non cabe modificar, extemporaneamente, mediante a alegación presentada.



2º. Admitir a trámite as seguintes solicitudes:

Concello	Produto
A Arnoia	XLVII Festa do Pemento de Arnoia
Beade	IV O Viño un compañeiro de vida
Vilariño de Conso	XXXVII Festa do Cabrito
Xinzo de Limia	Xornada promocional da pataca no mercado de abastos
Parada de Sil	XIII Festa da Pisa da Castaña e Feira de Produtos Locais
Oímbra	XXIX Festa do Pemento de Oímbra
Leiro	XXXV Festa da Vendima de Leiro
Muíños	Festas das Sopas do Burro Canso, do Galo Pica no Chan e do Becerro do Xurés ao Espeto
Chandrexa de Queixa	XV Festa gastronómica do cordeiro
A Rúa	Bacofesta 2026
A Bola	Raíces, tradición e soutos en A Veiga
Montederramo	XXXI Feira da carne 2026
Piñor	IX Festa dos callos
O Barco de Valdeorras	XXIV Festa do Botelo
O Carballiño	Festa da cachucha 2026
A Teixeira	Festa do viño novo 2026
O Riós	XXXI Festa da castaña e do cogumelo
O Bolo	XV Festa da vitela
San Cristovo de Cea	Ruta dos fornos do pan de Cea 2026
A Veiga	Accións de promoción e posta en valor de produtos de alta montaña A Veiga IX
Nogueira de Ramuín	Gastroexperiencia Ribeira Sacra 2026
Ribadavia	63ª Feira do Viño do Ribeiro
Allariz	Festa Empanada de Allariz
Laza	Festa gastronómica da bica branca, xastré, cachucha e licor café do concello de Laza
Verín	XIX Feira do viño "D.O. Monterrei"
Porqueira	3ª Xornada o noso
Viana do Bolo	LIV Festa da androlla e do entroido



3º. Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

Concello	Produto	Subvención [euros]
A Arnoia	XLVII Festa do Pemento de Arnoia	1.058,23
Beade	IV O Viño un compañeiro de vida	449,99
Vilariño de Conso	XXXVII Festa do Cabrito	1.706,72
Xinzo de Limia	Xornada promocional da pataca no mercado de abastos	622,09
Parada de Sil	XIII Festa da Pisa da Castaña e Feira de Produtos Locais	1.090,01
Oímbra	XXIX Festa do Pemento de Oímbra	1.972,05
Leiro	XXXV Festa da Vendima de Leiro	4.716,79
Muíños	Festas das Sopas do Burro Canso, do Galo Pica no Chan e do Becerro do Xurés ao Espeto	937,62
Chandrea de Queixa	XV Festa gastronómica do cordeiro	5.778,11
A Rúa	Bacofesta 2026	3.216,24
A Bola	Raíces, tradición e soutos en A Veiga	643,61
Montederramo	XXXI Feira da carne 2026	6.455,78
Piñor	IX Festa dos callos	2.000,00
O Barco de Valdeorras	XXIV Festa do Botelo	2.176,43
O Carballiño	Festa da cachucha 2026	2.656,89
A Teixeira	Festa do viño novo 2026	1.032,64
O Riós	XXXI Festa da castaña e do cogumelo	819,30
O Bolo	XV Festa da vitela	3.226,99
San Cristovo de Cea	Ruta dos fornos do pan de Cea 2026	1.638,60
A Veiga	Accións de promoción e posta en valor de produtos de alta montaña A Veiga IX	5.281,51
Nogueira de Ramuin	Gastroexperiencia Ribeira Sacra 2026	1.778,43
Ribadavia	63ª Feira do Viño do Ribeiro	7.599,57
Allariz	Festa Empanada de Allariz	2.427,42
Laza	Festa gastronómica da bica branca, xastré, cachucha e licor café do concello de Laza	1.038,02
Verín	XIX Feira do viño "D.O. Monterrei"	4.958,81
Porqueira	3ª Xornada o noso	752,97
Viana do Bolo	LIV Festa da androlla e do entroido	8.963,87
Total		74.998,69



4º. Recordar que os concellos beneficiarios teñen que adoptar as medidas de comunicación e visibilidade da subvención concedida establecidas na base décimo terceira das bases da convocatoria, debendo realizar as seguintes medidas de difusión:

a) A inclusión da imaxe institucional do Inorde ou unha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada polo Inorde nos materiais impresos, como carteis, entradas, prospectos, boletos ou outros, e no material audiovisual que se realice da actividade.

b) Na páxina web ou nas contas nas redes sociais do beneficiario.

c) As actividades de comunicación dos beneficiarios relacionadas coa acción ou accións subvencionadas. En todo caso, nas actividades de comunicación posteriores si deberá facerse referencia á financiación de carácter público recibida do Inorde.

Recordar tamén que todos os concellos beneficiarios, aínda que realizen a actividade con anterioridade a resolución da convocatoria das subvencións, deberán cumprir as súas obrigas de publicidade activa da subvención concedida, de conformidade co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e ben goberno.

5º. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Inorde <http://www.inorde.com> e na Base de Datos Nacional de Subvencións, e comunicalo, electronicamente, os concellos interesados.

Contra este acto, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso de alzada ante a Presidencia da Deputación no prazo dun mes. O prazo computarase desde a data a partir do día seguinte ao desta publicación, vencendo no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. Se o día de vencemento fose inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte. Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.

Ourense, 5 de xuño de 2026. O presidente do Inorde.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

R. 1.351

